



**CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O REGULAMENTO DE CONDICIÓN DE
PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DOS CONCELLOS DE TEO E
AMES**

Expediente: 2025/G013/000001

Norma: Regulamento de condicións de prestación do Servizo de Atención Temperá dos Concellos de Teo e Ames

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, sustanciarase una consulta pública, a través do portal web da administración competente, na que se recabará a opinión das persoas e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas reguladoras e no reguladoras.

A cidadanía e organizacións que así lo consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos formulados neste cuestionario, entre o día 26 de febreiro e o 25 de marzo de 2025 (ambos incluídos), a través do seguinte correo electrónico: servizossociais@teo.gal

1. Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa

O Concello de Teo vén prestando dende o 1 de novembro de 2021 un servizo de atención temperá conxuntamente co Concello de Ames (SAT).

Dita prestación atende aos criterios establecidos no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá (DOG nº 244 do 23 de decembro de 2013), non obstante, a concreción desta atención no ámbito destes dous concellos e dependente das súas administracións municipais, esixe o establecemento dun marco regulamentario que, respectando o establecido na norma autonómica, fixe o réxime interno da atención temperá de titularidade municipal.



A prestación conxunta do servizo de atención temperá entre o Concello de Teo e o Concello de Ames nace, na actualidade, do convenio que estas administracións asinaron o pasado 31 de outubro de 2024.

A cláusula sexta do referido convenio estableceu a obriga de aprobar un catálogo de condicións de prestación do servizo que deberá ser proposta pola Comisión Mixta de seguimento do convenio e aprobada polos plenos dos concellos.

2. A necesidade e oportunidade da súa aprobación

O “Convenio de colaboración entre o Concello de Teo e o Concello de Ames para a xestión compartida-agrupación de concellos do servizo de atención temperá no marco da Rede galega (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)” foi asinado o pasado 31 de outubro de 2024 ten vixencia entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2026, polo tanto é necesario dar trámite ao procedemento administrativo do que resulte a aprobación do regulamento do servizo conveniado.

3. Obxectivos da norma

É obxectivo desta norma regular o funcionamento do Servizo de Atención Temperá de Teo e Ames, nomeadamente: obxecto do SAT; principios reitores; prestación que inclúe o servizo; metodoloxía das actuacións; ámbito territorial e temporal; medios persoais e materiais; normas xerais de acceso e funcionamento; dereitos e deberes das persoas usuarias; control e seguimento do SAT; protocolo de derivación, intervención, coordinación e finalización da atención; protocolos de incidencias; listaxe de agarda; e proposta de avaliación.

4. Solución alternativa reguladoras e non reguladoras

A consecución do obxectivo formulado implica a necesidade da aprobación dun regulamento municipal, non existindo solucións alternativas de carácter non regulamentario.

Teo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz